



RESOLUCIÓN PROVISIONAL do 9 de novembro de 2020, pola que se fai pública a relación de centros premiados conforme ao disposto no apartado 7 da Resolución do 29 de xuño de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio Boas Prácticas de Educación Inclusiva 2020 para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2019/20.

Centros premiados na categoría A:

- 1º premio: 36009846 - CEIP Plurilingüe Nº 1 (Tui - Pontevedra)
- 2º premio: 36010423 - CEIP Valle-Inclán (Vigo - Pontevedra)
- 3º premio: 15015652 - CEIP Apóstolo Santiago (Santiago de Compostela - A Coruña)
- Accésit: 36024756 - CEE de Panxón (Nigrán - Pontevedra)

Centros premiados na categoría B:

- 1º premio: 27012048 - IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Sarria - Lugo)
- 2º premio: 36020374 - IES Valadares (Vigo - Pontevedra)
- 3º premio: 15027502 - CEE Manuel López Navalón (Santiago de Compostela - A Coruña)
- Accésit: 15027897 - CIFP Paseo das Pontes (A Coruña - A Coruña)

Esta publicación abre un prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación en www.edu.xunta.gal/portal/ para realizar reclamacións, alegación ou renuncias as cales poderán presentarse no rexistro único da Administración da Comunidade Autónoma



de Galicia, edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou no rexistro propio ou concertado conforme o Decreto 164/2005 do 16 de xuño, así como por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/20015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ademais de utilizar esta vía, solicítase que nese prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación en www.edu.xunta.gal/portal/, adiante unha copia escaneada destas reclamacións, alegacións ou renuncias, ao enderezo electrónico inclusioneducativa@edu.xunta.es co obxecto de axiliar este proceso.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

